

BASES

OBXETIVOS

O Concello de Rianxo organiza o I CONCURSO DE PRATOS "PATELA CHEF RIANXO 2016", no marco da SEMANA DA PATELA, a celebrar dende o 6 ó 11 de decembro. Poderán participar todos os veciños e veciñas do concello.

Os obxetivos desta acción son: buscar a participación e interese dos cidadáns neste tipo de actividades; dar a coñecer os produtos do noso mar, en especial do Bou de Vara; promover o consumo de produtos do mar; e en xeral fomentar a nosa cultura mariñeira.

PARA PARTICIPAR

- Poderán participar todos os veciños e veciñas do concello.
- Non poderán participar no concurso profesionais da gastronomía.
- Só se poderá participar cun prato por participante.
- Ser maior de 18 anos.
- Cederán o dereito de imaxe dos pratos, así como a súa difusión e promoción, ao Concello de Rianxo.
- Elaborar un prato con un produto do mar de Rianxo.
- Os ingredientes usados para a elaboración do prato, así como o material e equipamento necesario, serán por conta do concursante.

INSCRICIÓNS

-Todas aquelas persoas que queiran participar teranse que inscribir antes das 12:00 do mércores 7 de decembro, no formulario habilitado na web do concello (concelloderianxo.gal/inscricions ou <https://goo.gl/forms/5evqWVwukzbmr9F62>) e agardar a seren confirmadas por vía telefónica nun prazo de 24 horas.

XURADO

O xurado valorará os pratos participantes ata un máximo de 30 puntos, segundo:

- Orixinalidade, ata un máximo de 10 puntos
- Sabor, ata un máximo de 10 puntos
- Presentación, ata un máximo de 10 puntos

O xurado estará formado por un representante do Concello de Rianxo, un representante da Confraría de pescadores de Rianxo, un representante da ARE e un profesional da cociña.

PREMIOS E ENTREGA

O concurso constará de nove cheques regalo repartidos da seguinte maneira:

1º premio: cheque regalo 250€

2º premio: cheque regalo 150€

3º premio: cheque regalo 50€

4º premio: cheque regalo 50€

5º premio: cheque regalo 50€

6º premio: cheque regalo 50€

7º premio: cheque regalo 50€

8º premio: cheque regalo 50€

9º premio: cheque regalo 50€

Estes cheques regalo poderanse trocar antes do 31 de Xaneiro do 2017 en calquera depuradora do Concello de Rianxo por marisco, en calquera restaurante do Concello de Rianxo por comidas ou ceas, ou por estancias en calquera casa rural do Concello de Rianxo

O concurso de pratos PATELA CHEF RIANXO 2016 levarase a cabo nos termos aquí expresados e cun mínimo de 3 participantes. En caso contrario, quedará suspendido.

A entrega de premios será realizada polo xurado ás 12:30 do sábado 10 de decembro de 2016.